



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE REDONDELA

Expte nº: 3936/2023

Título: Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela

Lugar de celebración: Videoconferencia.

Data e hora: vinte de decembro de dous mil vinte e tres ás 9:42 horas

Asistentes:

Presidente: **Antonio Cabaleiro Covelo**, concelleiro de Economía e Facenda, Emprego, Transparencia e Novas Tecnoloxías e Transición Enxética.

Vocais: **Javier Bas Corugeira**, concelleiro Grupo Municipal do PP.

Mateo Crespo González, secretario xeral do Concello.

Sonia Dapena Lois, interventora municipal.

Alejandra Fernández Conde, traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

Secretaria: **María Guillán Montero**, administrativa de Administración Xeral adscrita al Departamento de Secretaría.

Orde do día:

- 1º) Apertura do Sobre Electrónico A) coa documentación administrativa presentada polas entidades licitadoras (acto non público).
- 2º) Cualificación da documentación administrativa (acto non público).
- 3º) Apertura Sobre Electrónico B) co oferta técnica e examen do proxecto organizativo presentado polas entidades licitadoras relativo a criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (acto non público).
- 4º) Acordo relativo á remisión das ofertas técnicas presentadas á traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos designada para a súa valoración segundo os criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor establecidos no Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación (acto non público).

Constituída a Mesa, procédese en primeiro lugar a someter a votación a acta da sesión anterior celebrada o 12.12.2023 que resulta aprobada maioría dos membros presentes coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP, Javier Bas Corugeira, que non asistiu á sesión anterior.

A continuación, a secretaria da Mesa informa de que, tal como se acordou na sesión anterior, se requiriu, o día 13.12.2023 e a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, ás catro entidades licitadoras presentadas que tiña que subsanar a documentación administrativa presentada no Sobre Electrónico A, para que, segundo o establecido no



Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), aprobado por acordo do Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 26.10.2023, no prazo de tres días hábiles, procedesen a súa enmenda. Así mesmo comunica que as catro empresas presentaron dentro do prazo conferido ao efecto documentación de subsanación.

A continuación procédese á apertura, mediante dispositivo electrónico, do sobre presentado polas empresas Protección Geriátrica 2005, SL e Siad24 Galicia, SL en UTE, Osventos Innovación en Servizos, SL, Aralia Servizos Sociosanitarios, SA e Fundación Aralia en UTE e Idades, SL na Plataforma de Contratación do Sector Público os días 13.12.2023 ás 14:44 horas, 14.12.2023 ás 16:24 horas, 15.12.2023 ás 13:25 horas, 17.12.2023 ás 23:13 horas, respectivamente, e se comproba o seguinte:

1º) A empresa Idades, SL presenta o DEUC correctamente cuberto, contestando “SI” ás preguntas “¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?” e achegando unha declaración responsable na que fai constar que “Que unha vez cuberto o DEUC e marcado SI na casilla da pregunta: “¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?”despois non sae a pregunta:“e) ¿Podrá el operador económico presentar un certificado con respecto al pago de las cotizaciones a la seguridad social y los impuestos o facilitar información que permita al poder adjudicador o a la entidad adjudicadora obtenerlo directamente a través de una base de datos nacional de cualquier Estado miembro que pueda consultarse gratuitamente?”, corrixindo, polo tanto, a contradición existente co indicado na declaración responsable do Anexo I do PCAP presentada.

2º) A empresa Osventos Innovación en Servizos, SL presenta a declaración responsable do Anexo I do PCAP correctamente cuberta, indicando no correspondente apartado o NIF da representante e non o CIF da empresa. Así mesmo presenta o DEUC correctamente cuberto, contestando “SI” á pregunta “¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?” corrixindo, polo tanto, a contradición existente co indicado na declaración responsable do Anexo I do PCAP presentada.

3º) A empresa Aralia Servizos Sociosanitarios, SA presenta a declaración responsable do Anexo I do PCAP correctamente cuberta, indicando no apartado 15 o nome da persoa designada como contacto co Concello de Redondela para o caso de que a empresa resulte adxudicataria do contrato. Así mesmo presenta o DEUC correctamente cuberto, contestando “SI” á pregunta “¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?” corrixindo, polo tanto, a contradición existente co indicado na declaración responsable do Anexo I do PCAP presentada.

4º) A Fundación Aralia presenta a declaración responsable do Anexo I do PCAP correctamente cuberta, indicando o número de protocolo da escritura de poder do representante da fundación, no apartado 15 o nome da persoa designada como contacto co Concello de Redondela para o caso de que a empresa resulte adxudicataria do contrato e, no apartado 6, respecto da inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de



Servizos Sociais da Xunta de Galicia indica que “ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A Y FUNDACION ARALIA van en UTE en esta licitación motivo por el cual FUNDACION ARALIA hace valer la inscripción de ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A. con número de registro E-5930”.

5º) A empresa Protección Geriátrica 2005, SL presenta a declaración responsable axustada ao modelo do Anexo I do PCAP e correctamente cuberta, indicando o epígrafe/s de IAE nos que a empresa se atopa dada de alta e ámbito.

6º) A empresa Siad24 Galicia, SL presenta a declaración responsable correctamente cuberta, cubrindo os datos de poboación, provincia e país, ao indicar o enderezo da empresa, e indicando no correspondente apartado o NIF da representante e non o CIF da empresa.

Á vista do anterior o secretario xeral municipal comunica, respecto da Fundación Aralia, que estar rexistrado no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia é un requisito para participar na licitación e que sen esa inscrición a empresa non cumpre cos requisitos esixidos ás entidades licitadoras, xa que cada unha das entidades que a compoñan a UTE debe constar inscritas nese rexistro como entidade prestadora de servizos sociais, tal como se establece no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, onde se recolle, no artigo 4, o seguinte:

"Para os efectos do disposto neste decreto, considerárase:

1. Entidade prestadora de servizos sociais: toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida como tal, que sexa titular ou xestora de centros e/ou desenvolva servizos ou programas de servizos sociais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para os efectos do disposto neste punto:

a) Considérase entidade titular do centro ou programa aquela que teña a potestade de organización deste.

b) Considérase entidade xestora aquela que xestiona ou explota o centro ou programa por conta e seguindo as directrices sinaladas pola entidade titular.

Nos suposto de que, como resultado dun procedemento de contratación pública, resulte como adxudicataria unha Unión Temporal de Empresas, e aínda que a dita unión non sexa unha persoa xurídica prestadora de servizos sociais, procederá á anotación da UTE como entidade xestora do centro ou programa do que se trate, desde a adxudicación do contrato e polo tempo da súa duración, sempre que cada unha das entidades que a compoñan conste inscrita no rexistro como entidade prestadora de servizos sociais.”

Tendo en conta a normativa de aplicación informa de que o requisito de estar rexistrado no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia é un requisito esixible a cada unha das empresas que constitúen a UTE, á marxe de que no caso de ser adxudicatarias do contrato tamén debería inscribirse a UTE dende a adxudicación e durante toda a vixencia do contrato, independentemente de que unha das empresas que a constitúen sexa a entidade titular e a outra a entidade xestora, polo que a UTE formada por Aralia Servizos Sociosanitarios, SA e Fundación Aralia non pode ser admitida á licitación, ao non estar a Fundación Aralia rexistrada no referido rexistro.



Respecto do resto das entidades licitadoras comunica que enmendaron adecuadamente a documentación administrativa e que, polo tanto, deben ser admitidas á licitación.

Tendo en conta o anterior, a Mesa, por maioría dos membros presentes coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP Javier Bas Corugeira, acorda o seguinte:

1º) Admitir á licitación a Idades, SL, Osventos Innovación en Servizos, SL e Protección Geriátrica 2005, SL e Siad24 Galicia, SL en UTE.

2º) Excluir da licitación a Aralia Servicios Sociosanitarios, SA e Fundación Aralia en UTE ao non cumprir a Fundación Aralia co requisito de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia como entidade prestadora de servizos sociais, o que constitúe, á vista da normativa legal de aplicación, un requisito de capacidade das entidades licitadoras que, neste caso, é esixible ás dúas empresas integrantes da Unión Temporal de Empresas, independentemente de que unha sexa a entidade titular e a outra entidade xestora.

A continuación, segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido no PCAP, procédese a apertura, mediante dispositivo electrónico, do Sobre Electrónico B coa oferta técnica das tres entidades licitadoras admitidas, achegando as empresas licitadoras o seguinte:

- **Idades, SL** con CIF núm. B36577542:

Un proxecto organizativo no que se detalla, nun documento integrado por 22 páxinas, o seguinte de acordo co índice que se inclúe que é o seguinte:

- Bloque 1 organización xeral do servizo.
- Bloque 2 control de calidade e persoal e software de xestión.
- Bloque 3 mecanismos de relación co Concello de Redondela.
- Bloque 4 desenvolvemento de actividades de lecer.

A empresa indica na páxina do índice que “O contido do presente proxecto é confidencial e non se utilizará para outros fins distintos dos estritamente autorizados por Idades”.

- **Osventos Innovación en Servizos, SL** con CIF núm. B70493275:

Un proxecto organizativo no que se detalla, nun documento integrado por 20 páxinas, o seguinte de acordo co índice que se inclúe que é o seguinte:

- Contido
- Introducción
- Bloque 1 organización xeral do servizo: metodoloxía e organización xeral do servizo; flexibilidade e adaptación aos usuarios e ao Concello; organización do servizo e xestión de RRHH e materiais propostos; protocolos de actuación.
- Bloque 2 control de calidade e persoal e software de xestión: control de calidade do servizo; software de xestión.
- Bloque 3 mecanismos de relación co Concello de Redondela: mecanismos de traslado de información entre a empresa e o Concello; estrutura e frecuencia de intercambio de información.
- Bloque 4 desenvolvemento de actividades de lecer: actividades para a Festa da Coca; actividades luns do Cristo; actividades tempo de Nadal; actividades tempo de entroido.



- Protección Geriátrica 2005, SL e Siad24 Galicia, SL en UTE con CIF núm. B53977013 e B15612039

Un proxecto organizativo no que se detalla, nun documento integrado por 22 páxinas, o seguinte de acordo co índice que se inclúe que é o seguinte:

- Bloque 1 organización xeral do servizo: metodoloxía e organización xeral do servizo (metodoloxía para a execución do servizo); flexibilidade e adaptación ás persoas usuarias, departamento técnico de SS.SS.; organización e xestión de recursos humanos e materiais propostos (sistemas de designación de auxiliares nos servizos, recursos materiais); protocolos de actuación/PRL (protocolos en materia de PRL, medidas específicas de prevención, seguridade e saúde laboral, protocolos ante situacións de emerxencias e agresións en domicilios).
- Bloque 2 control de calidade e persoal e software de xestión: proposta do Plan de Control de Calidade; proposta de software de xestión; sistema de fichaxe das auxiliares de axuda no fogar.
- Bloque 3 mecanismos de relación co Concello de Redondela: proposta de mecanismos de traslado de información ao Concello; estrutura e frecuencia de mecanismos de traslado de información.
- Bloque 4: desenvolvemento de actividades de lecer.

A entidade licitadora presenta unha declaración, asinada polas persoas representantes de cada unha das empresas integrantes da UTE, na que fan constar que “A los efectos de lo previsto en el Art. 133 de la LCSP 2017, que la información facilitada en el proyecto técnico presentado en el sobre B que consideran de carácter confidencial es la que a continuación se relaciona: BLOQUE 1: ORGANIZACIÓN GENERAL DEL SERVICIO; BLOQUE 3: MECANISMOS DE RELACIÓN CON EL AYUNTAMIENTO. Las mercantiles consideran de carácter confidencial los puntos referenciados basándose en la repercusión empresarial que tiene cada uno de ellos. Todos los puntos establecidos inciden directamente en la gestión y procedimientos que se llevan a cabo en las mercantiles y en los que se ha invertido financiación y personal para llevarlos a cabo y desarrollar así una estrategia empresarial, que de ser públicos perjudicarían a las empresas y podrían ser objeto de plagio”.

Á vista do anterior a Mesa, por maioría dos membros presentes e coa abstención do concelleiro do Grupo Municipal do PP, acorda remitir, segundo o establecido na cláusula 32ª do PCAP, a documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente aportada polas entidades licitadoras admitidas á traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos Alejandra Fernández Conde, para que emita informe de valoración segundo os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor establecidos no Cadro de Características Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen nesta licitación.

Para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.

